

## **ORDENANZA FISCAL Nº 43, REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR.**

### **Artigo 1º. Fundamento e natureza**

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación co 41, e segundo as normas contidas no capítulo VI do Título I do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación de servizo de axuda no fogar, tanto para persoas valoradas como persoas que acceden ao servizo por libre concorrência.

### **Artigo 2º. Obrigados ao pagamento**

Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta Ordenanza todas aquelas persoas que:

- a) Estean recoñecidas como dependentes ao abeiro da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de dependencia, e teñan resolución do Plan Individualizado de Atención (PIA) no que se lle recoñeza o citado servizo (calquera que sexa a modalidade do mesmo) sexan dadas de alta no servizo municipal de acordo co estipulado no Regulamento específico de funcionamento.
- b) As persoas que accedan ao servizo da axuda no fogar por libre concorrência e que sexan dadas de alta no servizo municipal de acordo co estipulado no Regulamento específico de funcionamento.

Se o/a beneficiario/a carecera de capacidade para obrar, dita obriga recaerá sobre que ostente a súa representación legal ou, no seu caso, sobre que exerza de feito o seu coidado.

### **Artigo 4º. Contía**

1. A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no apartados seguintes referida a unha hora de prestación do servizo.

Aos efectos previstos para aplicación das tarifas do presente artigo, se establece o prezo da hora por prestación do servizo en 13 euros, incrementándose anualmente segundo o IPC.

2. A contía de Prezo Público regulado nesta ordenanza para o servizo de axuda a domicilio de dependencia será o establecido no Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

	Grao I		Grao II		Grao III	
	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II
Capacidade económica (referida ao IPREM)	20 horas	30 horas	40 horas	55 horas	70 horas	90 horas
Inferior ou igual ao 100% do IPREM	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Maior do 100% e menor ou igual ao	4,52%	6,56%	8,59%	11,42 %	14,47 %	18,09%

115% do IPREM							
Maior do 115% e menor ou igual ao 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%	
Maior do 125% e menor ou igual ao 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%	
Maior do 150% e menor ou igual ao 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%	
Maior do 175% e menor ou igual ao 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%	
Maior do 200 % e menor ou igual ao 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%	
Maior do 215 % e menor ou igual ao 250% IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%	
Maior do 250 % e menor ou igual ao 300% IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%	
Maior do 300% e menor ou igual ao 350% IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,5%	25,66%	
Maior do 350% e menor ou igual ao 400% IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,9%	26,16%	
Maior do 400% e menor ou igual ao 450% IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%	
Maior do 450% e menor ou igual ao 500% IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%	
Superior ao 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%	

3.- A Contía do Prezo Público regulado nesta ordenanza, para a prestación básica de servizo de axuda no fogar será a referida na seguinte táboa:

<b>CAPACIDADE ECONÓMICA</b>	<b>PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO DE SAF BÁSICO</b>
Menor do 0,80 do IPREM	0
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual 100%	10%
Maior do 100% e menor ou igual a 125%	20%
Maior do 125% e menor ou igual a 150%	30%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 175% do IPREM	40%
Maior de 175% e menor ou igual a 200	50%

Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 IPREM	70%
Maior de 2,5	90%

Establécense como excepcións aos criterios xerais do referido copagamento os casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

En calquera caso establécese un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

4. A capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas conviventes economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica observaranse os criterios e regras dispostos na Resolución do 2 de decembro de 2008 da Secretaría de Estado de Políticas Sociais, Familia e Atención á Dependencia e á Discapacidade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia sobre a determinación da capacidade económica do beneficiario e sobre os criterios de participación deste nas prestacións do dito sistema, así como ás normas regulamentarias promulgadas pola Xunta de Galicia que incorporen aquelas regras ao sistema galego de servizos sociais.

O resultado do cálculo da capacidade económica correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar constará na resolución do plan individualizado de atención que se resolva en cada caso de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

5. No cálculo da capacidade económica dos usuarios do servizo de libre concorrencia, computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Computarase así mesmo o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

O Concello de Mondoñedo establecerá os mecanismos de revisión anual para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.

#### ARTIGO 4.- CONDICIÓNS DE PAGAMENTO.

1. A obriga de pagamento dos prezos públicos comeza dende que se inicie a prestación do servizo.

2.- As liquidacións practícaranse con carácter bimensual, e deberán ser aboadas polos/as beneficiarios/as nos primeiros quince días naturais do mes seguinte, mediante cargo na conta corrente que o/a usuario indicará no contrato do servizo.

3.- Os suxeitos pasivos estarán obrigados a comunicar calquera alteración que se produza nos seus ingresos ao longo do período impositivo, así como a renovar, anualmente, os datos para a estimación das súas rendas.

4.- O terse en conta as circunstancias económicas na fixación de prezos non se establece ningún outro sistema de exención ou bonificación.

5.- En casos de suspensión temporal do servizo por ausencia temporal do domicilio, deberá seguir aboándose o 25% da cota correspondente á aportación do beneficiario/a.

6.- As débedas polos prezos públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento.

7.- A falla de pagamento dos servizos prestados de dous prazos suporá a imposibilidade de manter o servizo en tanto non se teñan aboadas as débedas pendentes.

#### **DISPOSICIÓN DEROGATORIA**

Queda derrogada a Ordenanza Fiscal reguladora do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar aprobado polo Pleno da Corporación na sesión do 30 de xullo de 2009 publicada no BOP de Lugo do 17 de decembro de 2009. .

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación e entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

**Dilixencia.-** para facer constar que a presente ordenanza foi aprobado provisionalmente polo Pleno en sesión de 14 de xuño 2012, publicada no B.O.P. nº 146 de 26 de xuño do 2012, concluído período de exposición pública de 30 días, e non presentándose ningunha reclamación, aprobouse definitivamente, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. nº 201 de 31 de agosto de 2012.